

SÁBADO, 25 de setembro

Capela de Arxán e contorno (*Mesía*)

12.00 h.

Eucaristía na memoria dos "Mártires de Arxán" do ano 1809

13.00 h.

Inauguración do monumento e ofrenda floral


14.00 h.

Xantar compartido con familiares e veciños
(*Se chove, contaremos cunha carpa de abrigo*)

20.00 h.

Música tradicional no Campo da Festa de Arxán co grupo
"A QUENLLA"

"O venres 27 de agosto, ás 21.00 h., na Casa da Cultura de Xanceda, proxectarase *Orgullo y Pasión*, filme que conta os sucesos da Guerra da Independencia contra os franceses e que servirá como achegamento a este Iº CICLO CULTURAL"



Proxecto do Monumento aos Mártires de Arxán



A RECUPERACIÓN DA HISTORIA NA TERRA DE MESÍA E ORDES



Iº CICLO CULTURAL ARREDOR
DA INVASIÓN
FRANCESA DE 1809

Casa Municipal da Cultura
de Xanceda - Mesía

SETEMBRO 2004

A celebración do presente ciclo de conferencias e demais actividades deriva dos propios fins da Asociación de Amigos da Capela da Nosa Señora de Arxán. Estes consisten en potencia-la investigación do pasado histórico local e, con isto, divulgar e concienciar na súa estima e valoración.

(A modo de explicación: ¿Por que “Amigos da Capela”? Porque a documentación escrita da capela de Arxán recolle boa parte do acontecer relixioso, económico e social da parroquia de Mesía durante os séculos XVIII e XIX).

A iniciativa deste programa, de seguro, parecerá un algo pretencioso e atrevido. E non sen razón, porque se trata dunha asociación pequena nacida aínda onte (1998). Sendo isto así, o estímulo e xustificación recibímolos grazas á feliz descuberta dun documento dos tempos da Guerra da Independencia do ano de 1809. Foi daquela cando trece veciños da parroquia de Mesía caeron fusilados polas tropas francesas, e enterrados a maioría deles nunha fosa común dentro da capela de Arxán.

Máis alá do recoñecemento ás vítimas pareceunos ben abrírnos á perspectiva comarcal. No ámbito da Terra de Ordes e Mesía hai persoas que están a traballar na recuperación da memoria histórica do noso pasado. É o seu un traballo xa antigo, serio e incansable, tanto a nivel individual como desde colectivos. É xusto dalo a coñecer a máis xente.

Sobre os participantes no ciclo, á parte da representación comarcal, é moi de agradecerlo servizo xeneroso de persoas de recoñecido prestixio no eido da cultura do noso país.

En canto aos temas, o discurso central xira entorno á Guerra da Independencia, pero tamén descende á Idade Media e ós castelos, por obvias razóns de interese en Mesía.

Desexamos que este Ciclo Cultural sexa un paso precursor doutros sucesivos para o recoñecemento e estimación do traballo histórico na comarca.

PROGRAMA DE ACTOS

VENRES, 3 de setembro

20:00 h.

Inauguración e presentación do Iº CICLO CULTURAL

D. Xaquín López Ares

Alcalde do Concello de Mesía

D. Gumersindo Campaña Ferro

Secretario da Asociación de Amigos da Capela da Nosa Señora de Arxán

20:30 h.

MESA REDONDA: “As pegadas da Historia nas Terras de Mesía e Ordes”

D. José Antonio López Castro. *Crego, historiador (Curtis)*

“Os arquivos parroquiais como fonte esquecida da riqueza histórica da comarca”

D. Leandro del Río Regos. *Arquitecto (Ordes)*

“O territorio como espazo na memoria”

D. Baldomero Iglesias “Mero” e D. Xosé Luís Rivas “Mini”. *Músicos de Mesía e Boimorto, respectivamente*

“Música e poesía popular”

Presenta e modera: **Mª Luz Corral**, *licenciada en Xeografía e Historia e bibliotecaria (Curtis)*

SÁBADO, 4 de setembro

20.00 h.

D. Gumersindo Campaña Ferro. *Crego*

“As vítimas de Arxán no contexto dun alzamento popular e rural”

Presenta: **D. Domingo Martínez Beiro.** *Animador sociocultural (Cesuras)*

VENRES, 10 de setembro

20.00 h.

D. Manuel Pazos Gómez. *Animador sociocultural*

Presidente da A.C. Obradoiro da Historia

“O traballo de recuperación da historia na Comarca de Ordes”

Presenta: **Dª. Carme Couceiro.** *Libreira (Mesía)*

SÁBADO, 11 de setembro

20.00 h.

D. Tito Concheiro Coello. *Arqueólogo*

“O castelo de Mesía no contexto das fortificacións medievais europeas”

Presenta: **D. Severino Álvarez Montesén.** *Profesor (Mesía)*

VENRES, 17 de setembro

20.00 h.

D. Alfredo Erias Martínez. *Arquiveiro municipal de Betanzos*

Director do Museo das Mariñas

“Os primeiros días da invasión francesa de 1809 na antiga provincia de Betanzos”

Presenta: **D. José Manuel Fariña Orgeira.** *Economista (Mesía)*

VENRES, 24 de setembro

20.00 h.

D. Felipe-Senén López Gómez. *Museólogo*

Técnico de Xestión Cultural da Deputación da Coruña

“A Galicia rural no século XIX”

Presenta: **Dª Pilar Sánchez Ulloa.** *Concelleira de Cultura do Concello de Mesía*